

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 24 DE NOVEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

- Proxecto de Lei de bibliotecas de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para realizar os trámites oportunos para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de asistencia letrada ao detido e defensa gratuíta xerados polo Consello da Avogacía Galega no ano 2010, polo importe de setecentos dezaseis mil douscentos tres euros con oitenta e cinco céntimos (716.203,85 euros), así como para proceder ao pagamento aos avogados do terceiro trimestre de 2011, por importe de dous millóns trinta mil seiscentos oitenta e sete euros e trece céntimos (2.030.687,13 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para realizar os trámites oportunos para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de representación gratuíta xerados polo Consello de Procuradores de Galicia no ano 2010, polo importe de corenta e oito mil cento sesenta e dous euros con setenta e tres céntimos (48.162,73 euros), así como para proceder ao pagamento aos procuradores do terceiro trimestre de 2011, con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.131A.481.2, polo importe de cento corenta e cinco mil cincocentos sesenta e sete euros con noventa e tres céntimos (145.567,93 euros).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de sete millóns trescentos vinte e catro mil douscentos nove euros e corenta e tres céntimos (7.324.209,43 €), correspondente á contratación do "servizo de operacións de conservación e mantemento das autoestradas AG-53 e AG-54".

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Federación Galega de Asociacións de Fontanería, Calefacción e Afíns (Fegafón), para a realización de accións formativas en materia de normativa enerxética edificatoria, polo importe máximo de vinte e cinco mil euros (25.000,00 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Sostemento dos noiros na estrada PO-551 entre os p.q. 10+700/10+800 no Concello de Bueu", por unha contía aproximada de douscentos corenta e nove mil cento oitenta euros con noventa e dous céntimos (249.180,92 euros).
- Informe sobre o Programa de actuacións en materia de transporte de mercadorías por estrada 2012 - 2014.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o gasto farmacéutico.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre os xeodestinos: un novo mapa dos espazos turísticos de Galicia.

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Declaración institucional da Xunta de Galicia na celebración do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI DE BIBLIOTECAS DE GALICIA QUE SERVIRÁ PARA MODERNIZAR E POTENCIAR O SISTEMA BIBLIOTECARIO GALEGO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de bibliotecas de Galicia, promovido pola Consellería de Cultura e Turismo, que ten como obxectivo reorganizar e impulsar o sistema bibliotecario galego adaptándoo á nova realidade e aos cambios sufridos desde a aprobación da actual lei en 1989*
- *O anteproxecto da Lei de bibliotecas incorpora aspectos como a transferencia da xestión das bibliotecas públicas do Estado; a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; a creación da Biblioteca de Galicia, co seu papel de institución central do sistema galego de bibliotecas; a mellora dos mecanismos de protección e difusión do patrimonio bibliográfico e a expansión das novas tecnoloxías de acceso á información e documentación, das cales nacen as denominadas bibliotecas dixitais*
- *A nova norma recolle a elaboración do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia segundo os estándares bibliotecarios. Este mapa permitirá coñecer a realidade bibliotecaria do territorio; detectar os déficits bibliotecarios; establecer as necesidades e calcular os investimentos que se precisan para corrixir os déficits existentes*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o anteproxecto da Lei de bibliotecas de Galicia, promovido pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, que servirá para modernizar e potenciar o sistema bibliotecario galego. Os cambios e a evolución das bibliotecas públicas galegas fan necesaria a elaboración dunha lei que os regule e impulse o sistema bibliotecario galego adaptándoo á nova realidade e aos cambios sufridos desde a aprobación da actual normativa en 1989.

Esta lei incorpora e adáptase a aspectos tan esenciais como a transferencia da xestión das bibliotecas públicas do Estado e a súa integración no sistema bibliotecario galego; a creación e o desenvolvemento de novas bibliotecas nos concellos; inclúe a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, definido no desenvolvemento normativo posterior á lei; a creación da Biblioteca de Galicia, co seu papel de institución central do sistema galego de bibliotecas; a necesidade de mellorar os mecanismos de protección e difusión do patrimonio bibliográfico galego e a expansión das novas tecnoloxías de acceso á información e documentación, das cales nacen as denominadas bibliotecas dixitais.

A lei actual, que data de 1989, regulou o sistema bibliotecario galego durante as dúas últimas décadas, pero neste momento quedou obsoleta. Neste novo escenario é necesario un marco legislativo que permita a actualización do sistema bibliotecario. O anteproxecto de lei aprobado hoxe no Consello da Xunta aborda todos os aspectos citados anteriormente, tratando de dar unha regulación sistemática e xeral que busca

responder aos retos de mellora dos servizos bibliotecarios galegos e do noso patrimonio bibliográfico.

Para afrontar os novos obxectivos da biblioteca e para que o servizo bibliotecario se axuste á realidade, faise necesario contar cun novo marco legislativo que teña en conta o novo modelo de biblioteca e que integra as seguintes propostas: unha aposta pola grandes bibliotecas centrais ben dotadas; traballo en rede a nivel local que permita tender unha rede a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade que acheguen o servizo aos cidadáns; presenza da biblioteca fóra da súa propia sede; a biblioteca como centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento de servizos en liña. Deste xeito a biblioteca convértese nun lugar de intercambio e encontro e nun espazo comunitario.

A nova de Lei de bibliotecas estrutúrase en cinco títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. A lei define o Sistema Galego de Bibliotecas e as súa características, o cal estará integrado por un órgano de dirección e coordinación, o Consello de Cooperación Bibliotecaria, a Biblioteca de Galicia e as redes de bibliotecas públicas, universitarias, escolares e especializadas. Doutra banda, é importante sinalar que o texto aprobado hoxe inclúe numerosas alegacións normativas presentadas ao borrador do anteproxecto durante a fase de presentación e audiencia.

### **Mapa de bibliotecas públicas**

Conformada xa unha importante rede de bibliotecas públicas por todo Galicia, considérase máis importante mellorar, modernizar e planificar os centros existentes, que a creación duns novos. A nova lei recolle a elaboración do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia a partir do contraste da situación actual cunha situación ideal proxectada por uns estándares bibliotecarios. Este mapa permitirá coñecer a realidade bibliotecaria do territorio; detectar os déficits bibliotecarios segundo os estándares vixentes; establecer as necesidades de lectura pública de cada municipio; calcular os investimentos necesarios para corrixir os déficit existentes e planificar e establecer as prioridades de investimento. O órgano de dirección e coordinación do sistema será o responsable de elaborar o mapa.

Este anteproxecto normativo prevé que as bibliotecas públicas do Estado cedidas a Comunidade Autónoma Galega pasen a formar parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e abre as portas para a súa consideración como bibliotecas centrais territoriais en función dos criterios obxectivos e tipoloxía que determinará o Mapa de Bibliotecas de Galicia.

### **Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia**

Este anteproxecto de lei tamén incorpora a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, un conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos da nosa

Comunidade Autónoma que contribúe ao desenvolvemento e planificación da oferta bibliotecaria pública. Esta rede está formada polas bibliotecas de titularidade pública estatais, autonómicas e locais de Galicia, así como as bibliotecas de titularidade privada abertas ao público que sexan integradas na rede logo de solicitude dos propietarios.

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia determinará, en función de criterios obxectivos, a tipoloxía a que se adscribe cada biblioteca da rede. Deste xeito, a rede de bibliotecas públicas terá a seguinte estrutura: bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade, bibliotecas locais e servizos bibliotecarios móbiles.

### **A Biblioteca de Galicia**

A creación na Cidade da Cultura da Biblioteca de Galicia cumpre a aspiración que desde hai tempo existía de dotar o Centro Superior Bibliográfico de Galicia de espazo suficiente tanto para a configuración dunha importante colección de fondos como para a prestación duns servizos de información e consulta que só nun recinto adecuado poderían levarse a cabo.

As limitacións que ata a actualidade tiña a anterior sede do CSBG, tanto de almacenamento como de servizos, vense superados polas amplas posibilidades que ofrece este novo edificio, que dignifica e multiplica os camiños abertos ante este centro. Permite a apertura de diferentes e diferenciadas salas, o traslado dos fondos ata agora depositados na Biblioteca Universitaria de Santiago, a posta en marcha dunha Biblioteca Central de Préstamo e outros moitos servizos ata agora inviables nas antigas instalacións. Ao mesmo tempo, o nome de Biblioteca de Galicia, máis significativo e identificativo da función real do centro, preténdese que substitúa o de Centro Superior Bibliográfico de Galicia, coincidindo coa instalación da institución nas novas instalacións.

### **Adaptación das bibliotecas ás novas tecnoloxías**

A democratización do acceso á información e a posibilidade dos novos medios de almacenamento, tratamento e transmisión de datos ofrecen unha oportunidade única de achegar aínda máis os fondos e os servizo bibliotecarios a todos os cidadáns. Deste xeito, a lei adopta as previsións básicas para adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital. Trátase de facilitar o acceso á información e ao coñecemento dos cidadáns mediante tres accións: a accesibilidade á rede, como condición previa para maximizar os beneficios de que cidadáns, investigadores e empresas podan acceder á información; a dixitalización das coleccións para o seu uso xeneralizado; e a preservación desas coleccións, que garanta ás futuras xeracións o acceso a este material e evite a súa posible perda.

A biblioteca dixital é unha colección estruturada e organizada de documentos dixitais que permite o acceso desde calquera lugar do mundo e en calquera momento aos seus

usuarios. Este novo sistema contribúe á universalización do coñecemento, promove a accesibilidade en liña dos recursos á cidadanía, facilita a dixitalización de coleccións analóxicas para ampliar o seu uso na sociedade da información e facilita a preservación e almacenamento dos contidos. A conexión a través de redes de comunicación de alta capacidade entre as bibliotecas, e entre estas e os usuarios, fará posible compartir recursos e o desenvolvemento de novos servizos como os catálogos en liña, consultar préstamos ou reservar documentos.

### **Novos retos da bibliotecas públicas**

O modelo de biblioteca para implantar rompe co concepto tradicional de biblioteca pública que a identificaba como un espazo exclusivo para estudantes ou como un almacén de libros. Actualmente encontrámonos ante unha sociedade con profundos cambios sociais que apuntan cara a unha actualización constante e o rápido desfasamento dos coñecementos profesionais e da información.

Neste ámbito, trabállase para traspasar o concepto habitual de biblioteca e conseguir que estes centros sexan produtores, provedores e democratizadores da información. A nova lei contribuirá indubidablemente a que as bibliotecas se consoliden como un espazo de formación e de desenvolvemento persoal, consolidándose como un punto de encontro e espazo cultural de proximidade.

## **A XUNTA PAGARÁ MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS AOS AVOGADOS POLA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA NO TERCEIRO TRIMESTRE DE ANO**

- *O Goberno galego tamén achegará 765.000 euros para o pagamento de infraestruturas colexiais de avogados e procuradores de Galicia*
- *O Executivo autonómico reduciu a 32 días a media de pagamento aos profesionais da quenda de oficio, que chegou a ser de tres meses*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a Consellería de Presidencia para proceder ao pagamento de máis de dous millóns de euros aos avogados e procuradores galegos polo seu labor na prestación de asistencia xurídica gratuíta correspondente ao terceiro trimestre deste ano. Concretamente, os avogados recibirán 2.030.687 euros e os procuradores 145.567 euros polo seu labor na quenda de oficio nos meses de xullo, agosto e setembro.

Ademais, o Consello tamén acordou proceder ao aboamento dos gastos de infraestruturas colexiais dos colexios de avogados e procuradores de Galicia para o ano 2010, cuxo importe ascende a preto de 765.000 euros. Trátase do 8 por cento do importe total acreditado no ano anterior polos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia e permítelles atender os gastos derivados do funcionamento e da infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta, tales como a atención e tramitación de expedientes administrativos.

O Goberno galego atópase plenamente comprometido coa asistencia xurídica gratuíta a todos os cidadáns que a precisen e coas compensacións que se ofrecen aos avogados e procuradores que prestan o seu servizo na quenda de oficio, fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza.

Froito dese compromiso, e a pesar da crise económica, axilizáronse os pagamentos, que ao longo deste ano se fan de media en pouco máis dun mes (31,9 días), fronte aos 2,86 meses de media da pasada lexislatura, na cal en ocasións se chegou aos cinco meses de retraso.

### **Melloras no sistema de xestión**

Doutra banda, o Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, integrado por representantes da Fiscalía Superior de Galicia, colexios de avogados e procuradores e a Xunta, acordou en decembro de 2010 unha auditoría de xestión integral do funcionamento do sistema, que determinou a posta en marcha dunha serie de medidas que culminarán antes de que finalice o ano 2011.

Estas medidas de mellora da xestión consisten, fundamentalmente, nunha reforma do actual regulamento de asistencia xurídica gratuíta e nunha mellora da tramitación nas Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta, así como nunha mellor interoperabilidade

telemática entre os axentes intervenientes, que redundará nunha xestión máis eficiente dos fondos públicos.



## **MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 7,3 MILLÓNS DE EUROS NOS LABORES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOVÍAS AG-53 E AG-54, NA PROVINCIA DE OURENSE E PONTEVEDRA**

- *Os traballos de conservación comprenderán un total de 36,2 quilómetros dos troncos principais das autovías, ademais dos enlaces e camiños de servizo*
- *Estas actuacións significan a garantía do mantemento das autovías logrando a vialidade, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos*
- *Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante 44 meses e supoñen un beneficio para os máis de 335.642 habitantes da provincia de Ourense*
- *Tamén a Xunta destina máis de 20.000 euros por quilómetro nos traballos de conservación de estradas adxudicados este mesmo ano e representan o maior contrato da historia nunca asumido por un Goberno autonómico para a conservación das estradas*

O Consello da Xunta aproba o acordo polo que a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas inviste 7.324.209 millóns de euros levar a cabo o contrato de servizo de operacións de conservación e mantemento das autoestradas AG-53 e AG-54, centrados en actuacións de conservación ordinaria e vialidade invernal nas autovías Alto de Santo Domingo- A52, entre Santiago de Compostela e Ourense (AG-53) e a AG-54 que une a AG-53 (Pk 78) e O Carballiño.

Os principais obxectivos deste conxunto de accións son garantir o mantemento, limpeza e coidados das dúas autovías, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos co Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia. Os labores de conservación do presente acordo comprenderán un total de 36,2 quilómetros dos trocos principais das autovías AG-53 e AG-54 ademais dos enlaces e camiños de servizo.

Na AG-53 os traballos de mantemento e conservación comprenderán 4 conexións: enlace da N-525 en Piñor (p.q 64,9), enlace coa OU-504 en Cea (p.q 73,6), enlace coa AG-54 en Maside (78,8) e o enlace coa A-52 e a OU-402 en Toén. Por outra banda, na AG-54, o contrato incluírá os 5,2 quilómetros da autovía ademais dos seguintes ramais: coa AG-53 ao inicio, enlace coa estrada provincial OU-0303 e conexión final coa N-541 mediante unha rotonda.

Os labores de conservación nestas dúas autovías, autorizadas no presente acordo, terán un contrato cunha vixencia de 44 meses e beneficiará os máis de 335.000 habitantes da provincia de Ourense.

### **Plan de Conservación de Estradas**

A Xunta de Galicia tamén destina máis de 20.000 euros para cada quilómetro da rede galega para nos labores de mellora e conservación, xa que os sete contratos de conservación de estradas licitados a principios de ano xa teñen proposta de adjudicación. En total, o contrato de licitación da rede galega ascende a 110 millóns de euros, o que supón o maior contrato da historia nunca asumido por un Goberno autonómico para a conservación das estradas (máis de 5.500), ao tempo que se garante e se blinda a conservación das estradas da rede galega.

As obras que se van levar a cabo corresponden a unha xestión integral de conservación ordinaria das estradas, nas cales se inclúen tamén as actuacións necesarias para o mantemento das condicións estruturais do piso, así como a reparación urxente de zonas puntuais danadas ben por causas naturais ben provocadas por algún accidente.

Estes contratos implican o mantemento de case 330 postos de traballo, de dispoñer de máis de 80 unidades maquinarias (camións, retroescavadoras...), de dispoñer de case 6.000 sinais e actuar en case 26.000 quilómetros de marcas viais, así como case 1,2 m<sup>2</sup> de fresadura.

As unidades de obra divídense en tres grupos:

- **Grupo I:** accións de vixilancia, atención a emerxencias e incidencias, así como viabilidade ambiental.
- **Grupo II:** labores de conservación ordinaria.
- **Grupo III:** operacións destinadas á conservación ordinaria programada, así como á atención de incidencias relevantes.

Grazas a este investimento, o departamento de medio ambiente do Goberno galego realizará reparacións dos elementos degradados ou a reposición completa, se é preciso. Así mesmo, proxéctanse labores revexetación, fresadura, roza e limpeza das marxes das estradas, e a reposición da sinalización horizontal ou vertical, entre outras.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA APOSTA POLA FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS PARA PROMOVER A EFICIENCIA ENERXÉTICA NA EDIFICACIÓN**

- ***O Inega colaborará coa Federación Galega de Asociacións de Fontanería (FEGAFÓN) para impartir cursos de climatización e ventilación adaptados á nova normativa enerxética edificatoria***
- ***Esta acción encádrase na aposta estratéxica do Goberno galego por promover un axeitado aproveitamento dos recursos enerxéticos***
- ***O departamento que dirixe Javier Guerra leva investidos nesta lexislatura 58,1 millóns de euros ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para a sinatura dun acordo de colaboración coa Federación Galega de Asociacións de Fontanería (FEGAFÓN) co obxectivo de promover accións formativas no ámbito das instalacións térmicas dos edificios.

Esta iniciativa, para a cal o Inega achega 25.000 euros, permitirá mellorar os coñecementos en materia de eficiencia enerxética dos profesionais de fontanería, calefacción e actividades similares, o que repercute no aforro económico das familias.

Grazas ao acordo aprobado hoxe desenvolveranse catro edicións do Curso de Climatización e Ventilación Adaptado á Nova Normativa Enerxética Edificatoria, no que se formará aos profesionais nos procedementos de certificación enerxética dos edificios, no novo Regulamento de instalacións térmicas (RITE), e nos documentos básicos de aforro de enerxía do novo Código técnico da edificación.

Esta acción formativa encádrase na aposta estratéxica da Consellería de Economía e Industria por fomentar un axeitado aproveitamento dos recursos, conxugado co respecto escrupuloso ao ambiente. Ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia, o departamento que dirixe Javier Guerra leva investidos nesta lexislatura 58,1 millóns de euros, que xeran a mobilización de investimentos por valor de 167,6 millóns e un aforro económico de 89,6 millóns de euros.

### **Outras accións no sector da edificación**

O Inega desenvolve as súas actuacións no sector da edificación a través de dous grandes campos de acción: as liñas de axuda para o aforro e a eficiencia enerxética, dun lado; e os plans renove relacionados co sector, doutro. No primeiro punto inclúense axudas á rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes, subvencións para a mellora da eficiencia enerxética; e axudas para a construción de novos edificios con alta cualificación enerxética.

## **A XUNTA MELLORA A SEGURIDADE NA ESTRADA PO-551, EN BUEU, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 250.000 EUROS PARA REFORZAR OS NOIROS**

- *Nos últimos tempos esta estrada rexistrou afundimentos na berma e na beiravía do carril dereito de circulación, entre os puntos quilómetros 10+700 e 10+800*
- *O escorregamento do noiro ten a súa causa principal na erosión mariña do terreo sobre o cal se asenta a estrada, un efecto que se pode agravar nos temporais*
- *Construíranse muros de formigón formado para protexer o pé do noiro, o recubrimento existente e o recrecemento deste*
- *O Consello da Xunta foi informado da declaración de emerxencia desta obra, que xa se atopa moi avanzada*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente está a executar unha obra de mellora da seguridade na estrada PO-551, no concello de Bueu, co obxecto de reforzar a estabilidade dos noiros entre os puntos quilométricos 10+700 e 10+800. A actuación, declarada como obra de emerxencia, supón un investimento de case 250.000 euros e prevese finalizar durante o mes de decembro.

O escorregamento do noiro ten a súa causa principal na erosión mariña do terreo natural sobre o cal se asenta a estrada. Este efecto da erosión actúa de maneira constante sobre o pé do noiro e veríase agravado no caso de temporais, o que podería ter consecuencias nefastas para a estrada, podendo provocar o desprendemento da vía sobre a consta co conseguinte risco para os usuarios desta. Nos tramos indicados producíronse afundimentos na berma e na beiravía do carril dereito de circulación. Estes afundimentos no piso da estrada pódense dividir en dúas zonas:

- A zona 1 sitúase entre os p.q. 10+700 e 10+720. É a que presenta un maior risco de desprendemento e caída da estrada xa que o noiro nesta zona é moi vertical, ademais, os afundimentos nesta zona agraváronse co paso do tempo e actualmente chegan ata a metade do carril dereito de circulación, polo que tamén é necesario realizar un recheo con betume asfáltico nas fendeduras que se xeraron polo desprazamento do noiro.
- Na zona 2, entre os p.q. 10+770 e 10+800, os afundimentos que se aprezan son de menor entidade e non aumentaron co paso do tempo; ademais, o noiro neste treito é máis tendido e polo tanto o risco de escorregamento é menor. Segundo as sondaxes, nesta zona a estrada aséntase sobre un recheo que está executado sobre o terreo natural formado por terra vexetal e arxilas limosas, que, pola súa vez se asenta sobre rocha granítica sa. Os afundimentos da estrada están provocados por un escorregamento do terro natural sobre o cal se asenta o recheo da estrada, debido á erosión mariña.

### Descrición dos traballos

Para evitar os efectos da erosión mariña sobre os noiros da estrada construírse muros de formigón formado para protexer o pé do noiro, o gunitado (recubrimento) existente e o recrecemento deste.

Para a execución dos muros na zona 1 realizarase un recheo de formigón. Para minimizar o impacto ambiental do recheo de formigón en masa propónse a execución dun quebraondas formigonada con rochas graníticas que integre o recheo na costa. Na zona 2 non será preciso executar un quebraondas.

Levarase a cabo a demolición das escaleiras existentes e a execución dunhas novas de madeira tratada adaptadas á normativa de accesibilidade vixente. As novas escaleiras terán un total de 20 metros dun longo de 1,5 metros.

Unha vez executados os muros, o reforzo e recrecemento dos noiros, realizarase un saneamento e reposición da estrada existente.



Estado das obras dos muros, nunha imaxe tomada o día 18 de novembro.

## **A XUNTA INVESTIRÁ 7 MILLÓNS DE EUROS ATA O 2014 EN ACCIÓNS PARA PALIAR OS EFECTOS DA CRISE SOBRE O SECTOR DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA**

- *A posta en marcha deste programa por parte do Executivo autonómico suporá un investimento de algo máis de 7 millóns de euros desde 2012 ata 2014 e contará coa colaboración de varios departamentos do Goberno galego, entre os que destaca a Consellería de Medio Ambiente*
- *Este sector supón aproximadamente o 5% tanto do valor engadido bruto como do produto interior bruto (PIB) de Galicia*
- *O transporte de mercadorías xera o 5 % do emprego total e o 4,5 % do emprego asalariado en Galicia*
- *Este plan busca tamén unha boa formación do persoal relacionado co transporte de mercadorías por estrada, que non só redundará nun aumento da eficiencia senón tamén na seguridade e na protección ambiental*

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión de hoxe do programa de actuacións en materia de transporte de mercadorías por estrada para o período 2012-2014, que se levará a cabo a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co fin de mellorar a situación deste sector ante a situación de crise que atravesamos. A posta en marcha deste programa por parte do Goberno galego suporá un investimento de algo máis de 7 millóns de euros e contará coa colaboración da Consellería de Traballo.

As empresas relacionadas co transporte de mercadorías teñen unha grande importancia para a economía da Comunidade autónoma, xa que este sector significa aproximadamente o 5% tanto do valor engadido bruto (VEB), como do produto interior bruto (PIB) de Galicia. Así mesmo, o transporte de mercadorías xera o 5 % do emprego total e o 4,5 % do emprego asalariado en Galicia, e mobiliza un parque de vehículos de máis de 300.000 unidades.

Nestas circunstancias, desde a Xunta de Galicia considerouse preciso adoptar medidas co obxectivo fundamental de aumentar a eficiencia e a competitividade do transporte de mercadorías por estrada e contribuír á mellora competitiva da industria galega.

Con estas accións, preténdese remontar a actual crise que fixo descender en máis do 50% a matriculación de vehículos de mercadorías no último quinquenio, mentres o número de autorizacións de vehículos pesados de servizo público presenta un leve retroceso, concretamente do 2%, nese período.

O transporte de mercadorías por estrada encóntrase nunha situación moi difícil, posto que a crise económica incide directamente no sector, ao reducirse o volume de materias primas e elaboradas que se transportan. Cabe sinalar tamén que, nos últimos

dous anos, a demanda de transporte de mercadorías en Galicia descendeu da orde do 20%, tanto en toneladas como en toneladas-quilómetro.

A esta difícil situación debe engadirse o impacto que sobre os custos ten o prezo do gasóleo, que practicamente se equiparou co da gasolina. Actualmente, o gasóleo acumula un encarecemento do 9% desde comezos de ano e de aproximadamente o 14% con respecto ao mesmo mes de 2010.

Como consecuencia de todo iso, no período 2005-2010, o número de empresas que realizan transporte público de mercadorías en vehículos pesados rexistrou unha redución de 380 (-7,09%) no período.

Por isto, o Goberno galego está a traballar na procura dunha mellora da competitividade do sector de transportes e, xunto con el, a do conxunto do tecido empresarial de Galicia, ao favorecer a propia eficiencia do transporte e a conseguinte redución dos custos loxísticos.

Así mesmo, trata de lograr unha boa formación do persoal relacionado co transporte de mercadorías por estrada, que non só redundará nun aumento da eficiencia senón tamén na seguridade e na protección ambiental.

### **Sector estratéxico**

O transporte de mercadorías por estrada de Galicia é un sector estratéxico, que experimenta os efectos da crise económica como actividade derivada que é da industria e o consumo.

Con este panorama, a Xunta de Galicia vén de elaborar este plan, co que se pretende aumentar a eficiencia e a competitividade para contribuír á mellora competitiva da industria rexional. O documento que se levou hoxe ao Consello incidirá en accións que repercutan no beneficio do sector como investimentos en activos e tecnoloxía; a reestruturación empresarial do sector; levaranse a cabo melloras na xestión da administración; e incidirase na formación do sector, ademais de traballar na intermodalidade, a sustentabilidade e a seguridade no transporte de mercadorías.

Neste documento faise unha análise de varios criterios efectuada cos representantes do sector sobre as áreas de actuación propostas no programa, onde se indica que a prioridade debe centrarse nas medidas relacionadas coa formación e cualificación do persoal e con melloras na Xestión da Administración; así mesmo, propón os investimentos en activos e tecnoloxía e tamén se indica unha reestruturación empresarial do sector e no funcionamento do mercado do transporte.

O Plan de acción, que conta coa participación activa do propio sector profesional, que a través das súas asociacións representativas colaborou na definición e priorización destas

actuacións, configúrase con base en tres grandes ámbitos, asociados aos roles que desempeñarán os diferentes axentes implicados, e moi especialmente o sector do transporte e, complementariamente, as administracións públicas.

No eido do programa de formación participará tanto a CMATI, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, como a Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación. Para os programas formativos impulsados pola CMATI dotáronse 500.000 euros para o ano 2012, 550.000 euros para 2013, chegando aos 600.000 euros para 2014. Pola súa banda, a Consellería de Traballo efectuou para 2012, 2013 e 2014 unha previsión de 1.000.000 euros para plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados no sector transportes.

Así mesmo, establécese unha acción dirixida á formación polas empresas dos seus propios traballadores, que no ano 2011 supuxo una dedicación de 272.000 euros.

Igualmente, no orzamento do próximo ano 2012 dedicamos, ademais, 400.000 euros a unha orden para facilitar o abandono da promoción.

### **Implicación de distintos axentes**

Para o funcionamento deste programa faise necesario que o propio sector asuma un significativo protagonismo no desenvolvemento deste Plan e das súas actuacións, salvo algunhas competencias moi específicas das administracións públicas. As asociacións empresariais deben apoiar os seus asociados converténdose nun instrumento de soporte para que poidan utilizar as medidas previstas neste plan.

Pola súa banda, as administracións públicas deberán exercer as competencias asignadas con eficiencia e responsabilidade utilizando técnicas que permitan eliminar sobrecargas de tarefas e disfuncións ás empresas de transporte nas tarefas administrativas, e apoiar, coa intensidade necesaria, o desenvolvemento das medidas recollidas no plan para o seu maior avance.

Tamén hai que ter en conta outros axentes como os cargadores, fabricantes de material de transporte, entidades financeiras, sindicatos, outros modos de transporte, aos cales lle corresponde participar de forma permanente no desenvolvemento das medidas do plan, pero de forma complementaria para que a colaboración entre empresas transportistas e outros axentes permita o desenvolvemento efectivo das medidas perseguidas no obxectivo do plan.

Por último, hai que sinalar que a actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas supón unha consolidación da aposta por un transporte público moderno, eficiente e útil para os cidadáns e o sistema produtivo de Galicia e este programa de actuacións será desenvolvido non só pola Consellería de Medio Ambiente, senón que, como actuación estratéxica sectorial, implica todo o Goberno da Xunta,



tendo unha importante participación a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o IGAPE e outros organismos dependentes do Executivo autonómico.

## **GALICIA LIDERA O AFORRO FARMACÉUTICO NO QUE VAI DE ANO EN ESPAÑA**

- ***Reduciú a súa factura farmacéutica nun 10,57% nos dez primeiros meses do ano, fronte á media do Estado que foi do 8,31%***
- ***É a comunidade na que máis descendeu o gasto medio por receita no mes de outubro (9,04%), superando tamén neste punto a media nacional (5,2%)***

Galicia é actualmente a comunidade autónoma que lidera o aforro farmacéutico en España, tal e como se desprende dos datos totais de facturación de receitas médicas do Sistema Nacional de Saúde correspondentes ao mes de outubro de 2011 feitos públicos polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

Neste sentido, Galicia é a comunidade que máis reduciu a súa factura farmacéutica nos dez primeiros meses do ano (xaneiro-outubro), cun 10,57%, fronte á media do Estado que foi do 8,31%.

Este é o resultado do plan de racionalización e xestión eficiente do gasto farmacéutico posto en marcha pola Consellería de Sanidade para permitir o desenvolvemento de mellores prácticas de prescrición e o bo uso do medicamento. O obxectivo desta iniciativa é buscar a participación e sensibilización de todos os axentes sociais implicados na cadea de prescrición e dispensación de medicamentos. Entre estas medidas destaca a posta en marcha do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

Os datos oficiais amosan, así mesmo, que Galicia é a comunidade en que máis descendeu o gasto medio por receita no mes de outubro (9,04%), superando tamén neste punto a media nacional (5,2%). No acumulado do ano, Galicia (12,61%) é, igualmente, xunto con Baleares, a primeira en aforro, fronte ao 10,46% da media estatal.

Por último, Galicia tamén está á cabeza do aforro no que atinxe ao incremento do número de receitas emitidas, epígrafe no cal, no mes de outubro, a Comunidade Autónoma (co 1,4%), se sitúa por baixo da media do Estado (2,18%); e, tamén, por baixo no acumulado do ano, no cal Galicia ten unha redución (xaneiro-outubro) do 2,34% fronte á media do Sistema Nacional de Saúde, do 2,4%.

### **Sustentabilidade do sistema**

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios. O mantemento e actualización do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia é unha das principais medidas que permiten garantir esta sustentabilidade.

Os aforros obtidos a través das accións que perseguen unha política de prescrición eficiente e o fomento do bo uso dos medicamentos permiten investir noutros ámbitos da sanidade e facilitan a sustentabilidade do sistema sanitario galego.

Así mesmo, estas medidas teñen unha repercusión directa de aforro para o cidadán con prestación farmacéutica activa (receita verde), xa que a cantidade que ten achegar na dispensación dos medicamentos do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos é menor ao tratarse de fármacos a prezo inferior.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O MAPA DE XEODESTINOS TURÍSTICOS DE GALICIA, QUE RECOLLE AS SINGULARIDADES DOS TERRITORIOS E IMPULSA A PROMOCIÓN DA COMUNIDADE COMO MULTIDESTINO**

- *O informe presentado hoxe pola Consellería de Cultura e Turismo ordena a oferta turística galega en xeodestinos, entendidos como áreas xeográficas limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais*
- *O mapa turístico de Galicia recoñece as áreas con impronta turística consolidada e abre espazos para o futuro turístico das menos desenvolvidas. Esta ordenación supón un pulo ao turismo experiencial, especializado e de calidade e representa un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo desde o territorio*
- *O resultado é froito dun ano e medio de traballo da Xunta de Galicia segundo a estratexia de planificación establecida no Plan de Acción do Turismo 2010-2013, elaborado co consenso do sector*
- *Na elaboración do mapa de xeodestinos participaron todos os concellos galegos así como Turespaña, Turgalicia, o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, a FEGAMP e a Dirección Xeral de Administración Local.*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, que recolle as singularidades dos territorios recoñecendo as áreas cunha impronta turística consolidada e abrindo espazos para o futuro turístico das menos desenvolvidas. Esta ferramenta de promoción, elaborada pola Consellería de Cultura e Turismo, supón un pulo ao turismo experiencial, especializado e de calidade e representa un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo desde o territorio, enriquecendo a singularidade e a diferenza de Galicia como multidestino.

Segundo se recolle no artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, enténdese por xeodestinos turísticos as áreas xeográficas limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais con capacidade para xeraren fluxos turísticos e que, xunto a súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Neste senso, a elaboración do mapa de xeodestinos turísticos permitirá contar cun novo instrumento para a planificación e repensar os modelos de traballo nun momento de conxuntura económica menos favorable, respondendo á necesidade de buscar a eficiencia no emprego de fondos públicos.

En detalle, o mapa procura unha ordenación territorial turística de Galicia en función de submarcas territoriais, onde máis de unha xa ten recoñecemento nacional e mesmo internacional. O impulso desta nova ordenación pretende promocionar a singularidade e diferenza da nosa oferta turística co obxectivo, en definitiva, de incitar ao aumento da estandía media dos visitantes á Comunidade, ao comunicar a mensaxe de que Galicia é un multidestino. Trátase ademais de unir esforzos, establecer canles de cooperación no

territorio cos axentes públicos e privados en prol de racionalizar os investimentos e recursos económicos.

O mapa xorde como resultado a máis de un ano e medio de traballo da Xunta de Galicia, segundo a estratexia de planificación establecida no Plan de Acción do Turismo 2010-2013, elaborado co consenso do sector. Neste proceso de creación, a Consellería de Cultura e Turismo procurou en todo momento a opinión do sector e actuou con base no consenso de todas as administracións. Para a elaboración do mapa de xeodestinos, realizouse unha enquisa en que participaron todos os Concellos de Galicia e se contou coa colaboración de Turespaña, Turgalicia, o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, a FEGAMP e a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

### **Mellora da competitividade**

Segundo se recolle no informe presentado pola Consellería de Cultura e Turismo, a elaboración do mapa de xeodestinos responde eficazmente ás novas tendencias e a globalización do turismo, que impón que hoxe en día o cliente o que busca é o experiencial, a singularidade e a diferenciación. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo traballa para que cada xeodestino saliente as súas vantaxes e traballe no que realmente poden ser competitivos, ofrecendo produtos singulares a partir dos seus recursos.

A Xunta de Galicia considera fundamental identificar cada territorio cun destino turístico concreto e erradicar os malos hábitos entre diferentes administracións que operan nun mesmo territorio, evitando duplicidades entre as ofertas das institucións que, ante a súa similitude, poden orixinar unha oferta turística desequilibrada e contraditoria para o destino Galicia.

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NA CELEBRACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

Conmemórase o vindeiro 25 de novembro o Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, baixo os auspicios das Nacións Unidas, unha data que debe de provocar unha reflexión sobre o valor universal da igualdade, como ben común.

A Xunta de Galicia quere convidar á consideración colectiva sobre o prezo inasumible que paga esta sociedade pola desigualdade. A desigualdade cobra vidas e soños, cobra cada ano as vidas de decenas de mulleres e os soños das súas fillas e dos seus fillos, das súas nais e pais, das súas amizades.

Unha análise dos acontecementos diarios, das estatísticas de violencia de xénero ou da desigualdade de oportunidades, lévanos a concluír que é, non xa necesario, senón urxente, construír un novo patrón de relación igualitario en substitución do tradicional, obsoleto e fracasado, que prexudica as mulleres pero tamén é insatisfactorio para os homes.

Os desaxustes e os fracasos que produce o actual patrón desigual deben obrigarnos, como colectividade, a repensar un novo modelo de relación, que sexa aceptado por todos e todas e que sexa gratificante para mulleres e homes.

Na construción dese novo modelo, a Xunta de Galicia desenvolve numerosas liñas de acción con criterio horizontal e interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e, especialmente, da xente máis nova, así como a ampliar a protección das vítimas, considerando neste grupo as mulleres e os menores. Porque o sufrimento produce tamén fondas feridas emocionais ás fillas e aos fillos que conviven en ámbitos familiares violentos, con consecuencias psicolóxicas e de socialización e, tal vez, de alta tolerancia futura ás situacións de violencia e de repetición das pautas interiorizadas como normais.

Neste proxecto común, a Xunta de Galicia agradece o traballo desenvolvido polas asociacións e entidades que colaboran na prevención, na sensibilización e na intervención nos casos de violencia de xénero e invita a todos os galegos e as galegas a incorporaren a cultura da igualdade como un ben común. Para que arraigue e prenda definitivamente na sociedade.